

**Datos Do Expediente:**

XUNTA DE GOBERNO LOCAL	
Unidade Tramitadora:	
Organos de Goberno e Central -	
Número expediente:	Documento:
AYT/XGL/44/2020	GOB14I0MM
0Y615M5Y190K026B18FJ	

ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA DEZASETE DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE

<p>SRES/AS ASISTENTES:</p> <p><u>SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:</u> MARIÁN FERREIRO DÍAZ</p> <p><u>SRES/AS CONCELEIROS/AS:</u> D/D^a GUILLERMO SANCHEZ FOJO D/D^a MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/D^a ROMAN ROMERO FRANCO D/D^a MARIA DE LA MERCED TAIBO REY D/D^a M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/D^a JOSE OREONA BRA D/D^a JOSE DAVID PITA BREIJO</p> <p><u>SRA. INTERVENTORA XERAL:</u> D/D^a M^aDEL PILAR CANZOBRE MÉNDEZ</p> <p><u>SR. SECRETARIO XERAL:</u> D/D^a ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI</p>	<p>Na casa do Concello de Narón, ás 09:30 do dezasete de decembro de dous mil vinte, baixo a presidencia da Sra. A ALCALDESA-PRESIDENTA, MARIÁN FERREIRO DÍAZ, e con motivo do Estado de Alarma declarado para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, e en virtude do acordo plenario adoptado na sesión do 26 de marzo de 2020 relativo á posibilidade de celebración telemática das sesións dos órganos representativos e de goberno deste Concello, celébrase coa asistencia efectiva da Sra. alcaldesa e dos Sres. Romero Franco e Pita Breijo e de xeito non presencial, por videoconferencia, coa dos/das demais concelleiros/as a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local. Asisten os/as corporativos que se sinalan á marxe.</p> <p>Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL.</p> <p>Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:</p>
---	---

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local, deulle a súa aprobación.

2 .- PROPOSTA DE RATIFICACION DE CESION URBANISTICA PARA VIAL NO LG. STA MARGARITA- OVAL.-

(...)

PRIMEIRO. Aceptar a cesión gratuíta de terreo efectuada D. E**ardo ***quera Em**de, para destinalo a vial.

SEGUNDO.- Incorporar a superficie descrita ó patrimonio municipal.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

3 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DUN PROXECTO DE NORMALIZACIÓN DE FINCAS NO LG. COTELO- PEDROSO.-

(...)

Primeiro.- Aprobar definitivamente o proxecto de normalización de fincas sito no Lg. Cotelopedroso (referencias catastrais 2413201NJ7221S0001HA, 2413202NJ7221S0001WA E 2413210NJ7221S0001QA) promovido por _____ (52.440.011-B), _____ (32.622.805-L), _____ (32.617.909-E), _____ (52.440.010-X) e _____ (32.636.984-F), e asinado polo enxeñeiro técnico agrícola Óscar Gómez Margareto o 08.09.2020 e presentado na sede electrónica o 08.09.2020 (rexistro de entrada núm. 14463), no que se contemplan as seguintes fincas, consonte a descrición dada no informe técnico-xurídico emitido o 15.12.2020:

CÍTANSE NO ACORDO, COS SEUS LINDEIROS

Segundo.- Aceptar a superficie de cesión, gratuíta e libre de cargas, que se establece no PXOM, e que se recolle no proxecto de normalización de fincas, para a súa incorporación ao Patrimonio municipal.

Terceiro.- Comunicar ao promotor a súa obriga de inscribir no Rexistro da Propiedade a nova configuración física das parcelas recollida no proxecto aprobado, debendo **remitir ao Concello a certificación rexistral** relativa á parcela adxudicada a esta Administración en virtude da cesión gratuíta.

Cuarto.- Comunicar ao promotor a súa obriga de instar do Catastro a actualización da titularidade e nova configuración física das parcelas, de acordo co proxecto aprobado.

Quinto.- Publicar no BOP o acordo de aprobación definitiva adoptado.

Sexto.- Notificar estes acordos a todos os propietarios afectados.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

4 .- DAR CONTA DA SOLICITUDE E ACEPTACION DA SUBVENCION PARA O PROXECTO "NARON ABERTO AO MAR".- Vista a proposta formulada que di asi: A funcionaria de Asistencia á Secretaría, en data 15/12/2020, elevou a esta Alcaldía o informe-proposta de código ASI14IOSF que di:

“

<i>TIPO DE DOCUMENTO</i>	<i>Informe-Proposta de Acordo de Xunta de Goberno Local</i>
<i>EXPEDIENTE</i>	<i>ASI/62/2020: Subvención para o proxecto “Narón aberto ao mar”</i>
<i>DESTINATARIO</i>	<i>Alcaldía / Servizos Económicos</i>
<i>ASUNTO</i>	<i>Dar conta da solicitude e aceptación de subvención</i>

Desde o Departamento de Servizos Xerais, solicitouse a seguinte subvención a través da resolución de Alcaldía indicada:

<i>Expediente</i>	<i>Denominación</i>	<i>Órgano concedente</i>	<i>Importe solicitado</i>	<i>Resolución da solicitude</i>	<i>Data resolución</i>	<i>Documento toma razón</i>
ASI/62/2020	<i>Proxecto “Narón aberto ao mar”</i>	<i>Consellería do Mar</i>	32.846,05 €	ASII4I0JC	01/09/2020	ICO14I0CX

O pasado 19/11/2020 e a través da plataforma notifica.gal, a Consellería do Mar notificou a este Concello a concesión da seguinte subvención:

Importe total da operación	32.846,05 €		
Importe total subvencionable/ Porcentaxe de cofinanciamento	Importe subvencionable	% da Subvención	
	24.671,90 €	80%	
Importe privado	4.934,38 €		
Importe da subvención concedida (Público)	TOTAL	85% FEMP	15% Nacional
	19.737,52 €	16.776,89 €	2.960,63 €
Proxecto de cooperación (SI/NON)	NON		

Aceptouse a subvención a través da seguinte resolución de Alcaldía:

<i>Expediente</i>	<i>Denominación</i>	<i>Órgano concedente</i>	<i>Importe concedido</i>	<i>Resolución da aceptación</i>	<i>Data resolución</i>	<i>Documento toma razón</i>
ASI/62/2020	<i>Proxecto “Narón aberto ao mar”</i>	<i>Consellería do Mar</i>	24.671,90 €	ASII4I0QN	27/11/2020	ICO14I0HX

Resultan de aplicación, no tocante á solicitude e aceptación de dita subvención, os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

-Resolucións da Alcaldía, do 25 de xuño de 2019, sobre designación de Tenentes de Alcalde, delegados da alcaldía, membros da Xunta de Goberno Local e das delegacións feitas pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local. Nesta resolución, a Alcaldía-Presidencia delega na Xunta de Goberno Local, entre outras facultades, a solicitude de subvencións a outras administracións públicas, así como a súa aceptación e xustificación, no seu caso.

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. No seu art. 10, esta lei indica que os órganos superiores poderán avocar para si o coñecemento dun asunto que corresponda resolver ordinariamente ou por delegación aos seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índole técnica, económica, social, xurídica ou territorial o fagan conveniente. [...] En todo caso, a avocación realizarase mediante acordo motivado que deberá ser notificado aos interesados no procedemento.

- *Bases de execución dos Orzamentos do ano 2020. Concretamente a base 52, apartado 2, sinala que a aceptación da concesión [...] deberá ser aprobada, previa toma de razón e retención de crédito da achega municipal ou iniciación dun expediente de modificación de créditos para a habilitación do necesario, pola Xunta de Goberno Local. A proposta de aceptación deberá ir acompañada dunha copia do documento que acredite a súa concesión, do plan de financiamento definitivo e, no seu caso, da solicitude de iniciación do correspondente expediente de modificación de crédito por xeración. A tal efecto, quen subscribe elaborou o plan de financiamento adxunto de código ASI14I0Q5.*

No tocante á subvención referida e por razón de urxencia ao rematar o prazo sinalado para formular a solicitude na correspondente convocatoria, e en uso das facultades de avocación que a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, no seu art. 10, concede á Alcaldía-Presidencia, enténdese tacitamente avocada a delegación da solicitude da subvención, sen prexuízo de dar conta ao órgano lexitimamente facultado para iso, o cal é obxecto desta proposta.

Neste caso, corresponde á Alcaldesa-Presidenta a avocación da delegación de aceptación de subvención na Xunta de Goberno Local, debido á imposibilidade de tramitar a correspondente proposta nunha sesión ordinaria en prazo suficiente antes de que expire o prazo outorgado para a súa aceptación, sen prexuízo de dar conta á Xunta de Goberno Local de dita aceptación e do acto de avocación.

Por todo o anterior, quen subscribe solicita á Alcaldía-Presidencia:

Dar conta á Xunta de Goberno Local da adopción das resolucións polas que se solicita e acepta a referida subvención.

“Visto dito informe e logo da toma de razón da Intervención deste Concello, segundo o documento adxunto de código ICO14I0LC, esta Alcaldesa:

Da conta á Xunta de Goberno Local das anteditas resolucións.

A Xunta de Goberno Local, dase por enterada.

5 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA ACEPTACIÓN DA AXUDA DIRECTA DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL PARA O FINANCIAMENTO EXTRARODINARIO DE APOIO NO ENTORNO FAMILIAR.- Vista a proposta formulada que di así: Visto o informe-proposta cuxa literalidade se transcribe a continuación:

“ASUNTO: Aceptación da axuda axuda directa por parte da Consellería de Política Social para contribuír ao financiamento do programa extraordinario de apoio no entorno familiar.

A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, Yolanda Martínez García, en relación co expediente relacionado no asunto emite o seguinte informe-proposta:

ANTECEDENTES:

Con número de Rexistro Xeral do concello 20.458 de data 25/11/2020, notifícase a Resolución de concesión por parte da Consellería de Política Social, dunha axuda directa por importe de 17.868,00€, para contribuír ao financiamento do programa extraordinario de apoio no entorno familiar posto en marcha nos concellos de Galicia, dende a declaración de Estado de Alarma para a atención temporal e urxente de todas as persoas que o precisaron como consecuencia da pandemia creada polo COVID-19, e cuxas atencións se rexistraron no módulo específico creado con este propósito dentro do Sistema de Información Galego de Atención á Dependencia (SIGAD) , ao concello de Narón.



As actuacións obxecto da axuda ao abeiro deste programa están formadas por todas aquelas atencións proporcionadas de forma gratuíta no entorno familiar das persoas que o precisaron como consecuencia da pandemia creada polo COVID-19 para a súa atención temporal e urxente durante o período comprendido entre o 14 de marzo de 2020 e o 30 de novembro de 2020, coas seguintes características:

-O programa se proporcionará temporalmente e de forma gratuíta para a persoa usuaria do mesmo mentres se manteñan as causas de urxencia que motivaron a súa asignación.

- A adjudicación das actuacións subvencionables ao abeiro deste convenio se realizarán en base á elaboración dun informe social no que se determinen as necesidades de urxencia que motivan a atención da persoa usuaria a través deste programa e a intensidade da asignación individual de horas de apoio proporcionadas.

- A asignación persoal das horas de apoio temporal e extraordinario asociadas ao programa prestaranse coa máxima flexibilidade, con independencia da existencia ou do estado de tramitación do expediente de valoración da situación de dependencia e asignación dun recurso do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD).

-As actuacións obxecto de subvención serán compatibles con outros tipos de axudas recibidas polos concellos ou mancomunidades, de ser o caso, para o financiamento dos servizos sociais, calquera que sexa a súa forma de provisión ou acceso, e, en particular, coas axudas procedentes do SAAD, tendo en conta que o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada, segundo o establecido no artigo 17 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

- A prestación das horas por persoa non estará limitada e pode proporcionarse tanto para atencións iniciais como para incremento de intensidade respecto das horas de apoio que a persoa puidera estar percibindo no seu entorno familiar. Deste xeito, entre outros, pódese proporcionar o apoio prioritariamente aos casos máis urxentes que se detecten a través do Programa de Asignación de Recursos, independentemente da orde de prelación existente, a persoas que estiveran recibindo un recurso de Centro de Día e que, debido a circunstancias de forza maior, non poden seguir sendo atendidas no centro, ou mesmo persoas con solicitude de dependencia rexistrada que aínda non foron valoradas.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.*
- Lei 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local.*
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.*
- RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais*
- RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da lei 38/2003, Xeral de subvencións.*
- Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.*
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.*
- Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas .*
 - Bases de execución do Orzamento municipal en vigor.*

POR TODO O EXPOSTO, A XEFA DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO MUNICIPAL, YOLANDA MARTÍNEZ GARCÍA, INFORMA Á CONCELLEIRA DELEGADA DE ACCIÓN SOCIAL, PARA QUE PROPOÑA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DOS SEGUINTE ACORDOS:

Primeiro: Aceptar da Consellería de Política Social unha axuda por importe de 17.868 €, ao abeiro do Programa extraordinario de apoio no entorno familiar para a atención temporal e urxente como consecuencia da pandemia creada polo COVID-19.

Os gastos correspondentes a este programa e referidos ao periodo 14/03/2020 a 30/11/2020 foron realizados con cargo a aplicación orzamentaria 2314.22799

Segundo : Designar a Alcaldesa, Marián Ferreiro Díaz, como representante do Concello para as relación co mencionado organismo para os actos derivados da execución deste acordo.”

E unha vez fiscalizado, coa toma de razón, o informe transcrito pola Intervención municipal con data 09/12/2020(ICO14I0IG), quen subscribe, Concelleira de Acción Social (delegada por Resolución da Alcaldía de data 25/06/2019), **PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL** que acorde:

- Aprobar o informe-proposta anteriormente transcrito nos seus mesmos termos.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

6 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE ACEPTACIÓN DA DOAZON DA EMPRESA ENDESA S.A. PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DESTINADO A MENORES EN SITUACIÓN DE RISCO SOCIAL "EDUCORUMBO".- Vista a proposta formulada que di así: Visto o informe-proposta cuxa literalidade se transcribe a continuación:

“ASUNTO: Aceptación da doazon da empresa Endesa S.A, para o financiamento do programa municipal destinado a menores en situación de risco social EDUCORUMBO.

A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, Yolanda Martínez García, en relación co expediente relacionado no asunto emite o seguinte informe-proposta:

ANTECEDENTES:

O Concello de Narón está a desenvolver un proxecto de talleres destinados a menores en situación de risco de exclusión social, agravada pola crisis sanitaria e económica derivada do COVID-19, co obxecto de satisfacer as carencias básicas e potenciar as capacidades de integración e participación na vida social e persoal, promovendo actitudes e hábitos que melloren as relacións familiares e co entorno, fomentando a saúde e a mellora da autoestima a traveso de mecanismos de competencia social.

Endesa S.A. considera interesante financiar este proxecto, denominado “EDUCORUMBO”, aportando a cantidade de 6.760,00 €, polo que é necesario asinar conxuntamente un acordo de doazón

O obxecto do acordo de doazón estímase de interese para os menores en situación de risco de exclusión social, polo que as Administracións, en cumprimento do deber constitucional de garantir a protección do menor, primando a cobertura das carencias básicas, así como potenciando as capacidades de integración e participación na vida social e persoal, deben tratar de eliminar calquera obstáculo de natureza socioeconómica que dificulte ou impida o exercicio deste dereito.

Para dar cumprimento ao mandato constitucional comentado anteriormente, esta Xefatura considera necesario e oportuno a sinatura dun acordo entre Endesa S.A. e o Concello de Narón, que regule a doazón de 6.760,00 € para o Programa “EDUCORUMBO”.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local.
- Lei 5/1997 de 22 de xullo, da administración Local de Galicia.
- Lei 40/2015 DE 1 de outubro, de Rexime Xurídico do Sector Público.
- RD 2568/1986 de 28 de novembro, Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.
- Lei 5/2014 de 27 de maio de medidas urxentes derivada da entrada en vigor da lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostenibilidade da administración local.
- Ley 13/2008 de 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia.
- Acordo de donación entre Endesa S.A e o Concello de Narón

POR TODO O EXPOSTO, A XEFA DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO MUNICIPAL, YOLANDA MARTÍNEZ GARCÍA, INFORMA Á CONCELLEIRA DELEGADA DE ACCIÓN SOCIAL, PARA QUE PROPOÑA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DOS SEGUINTES ACORDOS:



Primeiro: Aceptar a donación realizada por Endesa S.A de 6.760,00 € para financiar o proxecto, denominado "EDUCORUMBO" destinado a menores en situación de risco e exclusión social, refrendándose o acordo de donación que será asinado por ambas partes.

Os gastos correspondentes a este programa serán a cargo da aplicación orzamentaria 2312-22799 das anualidades 2020 e 2021, desglosado por anualidades do seguinte xeito: 2.340 euros IVE exento no exercicio 2020 (documento contable RC=220200017336) e 4.420 euros IVE exento no exercicio 2021 (no orzamento do ano 2021 deberá dotarse o crédito necesario para facer fronte aos gastos derivados da dita contratación (documento contable RCP=220209000155), por importe de 4.420 euros na aplicación orzamentaria 2312-22799).

Segundo: Designar a Alcaldesa, Marián Ferreiro Díaz, como representante do Concello nas relacións con Endesa S.A, para os actos derivados da execución deste acordo."

E unha vez fiscalizado, coa toma de razón, o informe transcrito pola Intervención municipal con data 16/12/2020(ING14I1A4), quen subscribe, Concalleira de Acción Social (delegada por Resolución da Alcaldía de data 25/06/2019), **PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL** que acorde:

- Aprobar o informe-proposta anteriormente transcrito nos seus mesmos termos.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

7º.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a xuntanza, sendo as 09:48 horas da data indicada na cabeceira, en proba de todo o que se estende a presente acta que é asinada pola Sra. alcaldesa comigo o secretario xeral que DÁ FE.

V. e pr.

F_FIRMA_96

F_FIRMA_4